



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE OS INDICADORES DE ACTIVIDADE E DE VEB DO SECTOR SERVIZOS


Setembro 2018

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2018

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Indicador de actividade e de VEB do sector servizos. Setembro 2018


- O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de setembro en Galicia un aumento do 1,9% respecto ao mesmo mes do ano anterior, tres puntos menos que no mes de agosto. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos aumenta o 4,4%, 3,7 puntos menos que no mes anterior.
- O Comercio aumenta a súa facturación o 2,3% e os Outros servizos o 0,5%.
- O persoal ocupado no sector servizos aumenta en Galicia un 2,0%, unha décima menos que en España (2,1%).
- En todas as comunidades autónomas aumentan a súa cifra de negocios no mes de setembro. Galicia é a cuarta comunidade con menor crecemento.
- En todas as comunidades crece a ocupación. Galicia é a novena comunidade co maior incremento do emprego.



1. Cifra de negocios

1.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de setembro en Galicia un aumento do 1,9% respecto ao mesmo mes do ano anterior, tres puntos inferior ao do mes de agosto. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos aumenta o 4,4%, 3,7 puntos menos que no mes anterior.



O *Comercio*, cun incremento da facturación do 2,3%, é o que máis contribúe ao crecemento do índice xeral no mes de setembro (1,7 puntos); os *Outros servizos* aumentan a súa facturación o 0,5% e achegan 0,1 puntos á taxa de variación do índice xeral.

En España o *Comercio* incrementa a súa cifra de negocios o 4,7% e os *Outros servizos* o 3,9%.

O aumento da facturación no *Comercio* ven motivado polo *Comercio por xunto*, que crece o 3,0% e achega 1,6 puntos á taxa de variación do índice xeral. A *Venta e reparación de vehículos de motor* aumenta o 6,3% e achega 0,3 puntos. O *Comercio ao retalho* diminúe o 0,4% e resta 0,1 puntos.

A nivel nacional, nas actividades comerciais, é o *Comercio por xunto* a actividade con maior incremento (7,5%).

Os *Outros servizos* aumentan a cifra de negocios en Galicia o 0,5%; todos os sectores rexistran taxas negativas agás as *Actividades administrativas e servizos auxiliares*, que aumentan un 19,9%. O *Transporte* e a *Hostalería* son os que máis diminúen a súa facturación, -3,2% e -2,4% respectivamente.

En España, os *Outros servizos* aumentan o 3,9%. Todos os sectores rexistran taxas positivas. O maior crecemento dáse en *Actividades profesionais, científicas e técnicas* (7,9%).

Nos nove primeiros meses do ano, o índice xeral aumenta un 4,8% en Galicia e un 6,4% en España.

O *Comercio por xunto* é o sector que máis contribúe ao crecemento da cifra de negocios no que vai de ano, tanto en Galicia como no conxunto de España, con taxas do 5,8% e 8,1% respectivamente.

A *Hostalería* é o único sector no que diminúe a facturación nos nove primeiros meses do ano en Galicia, -3,1%. En España todos os sectores presentan taxas positivas.

1.2 Índice de cifra de negocios ponderando por VEB

Utilizando como ponderación o VEB en lugar da cifra de negocios, o índice aumenta o 1,2% no mes de setembro. Este incremento débese principalmente ao *Comercio*, que aumenta o 2,5% e achega un punto á taxa de variación do índice xeral, e as *Actividades administrativas e servizos auxiliares*, que crece un 13,9% e achega 0,8 puntos. En senso contrario, a *Hostalería* diminúe o 3,9% e resta 0,9 puntos.


Nos primeiros nove meses do ano, o índice aumenta un 4,3%, sendo o *Comercio* (5,2%) e o *Transporte* (9,5%) os sectores que máis contribúen, 2,3 e 1,3 puntos respectivamente.

1.3 Datos corrixidos de calendario

O efecto calendario determina as diferenzas que se producen nunha variable pola diferente estrutura que teñen os meses (tanto en número de días como na composición de días laborables e festivos).

Se se elimina este efecto, o índice ponderado por cifra de negocios aumenta o 3,9% respecto ao mesmo mes do ano anterior e o índice ponderado por VEB o 2,8%.

O seguinte gráfico amosa a evolución do indicador de actividade do sector servizos corrixido de calendario segundo o método de ponderación.



1.4. Indicadores por comunidades autónomas


No mes de setembro en todas as comunidades autónomas aumenta a cifra de negocios respecto ao mesmo mes do ano anterior.

Os maiores aumentos danse en Madrid (8,0%) e Extremadura (7,1%). As comunidades con menor crecemento son Comunitat Valenciana (1,4%) e Illes Balears (1,5%).

No que vai de ano, as comunidades con maiores incrementos son Madrid (9,3%) e Cantabria (8,6%). O menor incremento rexístrase en Andalucía (3,8%).

Índices de cifra de negocios. Setembro 2018


Taxa de variación en %



2. Persoal ocupado

2.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O persoal ocupado aumenta en Galicia un 2,0% respecto ao mes de setembro de 2017, unha décima menos que en España (2,1%).



O persoal ocupado aumenta un 3,3% no *Comercio* e un 1,0% nos *Outros servizos*. Entre as actividades comerciais, o *Comercio por xunto* rexistra o maior crecemento (7,7%), co que achega un punto á taxa de variación do índice xeral.

Nos *Outros servizos*, destaca o incremento do 4,2% nas *Actividades profesionais, científicas e técnicas*, co que achegan cinco décimas a taxa de variación do índice xeral. En senso contrario, na *Hostalería* diminúe o persoal ocupado un 3,7%.

En España, en todos os sectores aumenta a ocupación. Os maiores incrementos no persoal ocupado danse en *Información e comunicacións* (3,5%) e *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (3,1%).

Nos primeiros nove meses do ano, o persoal ocupado aumenta un 1,9% en Galicia, tres décimas menos que no conxunto do Estado (2,2%).

2.2. Indicadores de ocupación por comunidades autónomas


Todas as comunidades autónomas aumentan o emprego no sector servizos no mes de setembro con respecto ao mesmo mes do ano 2017.

Os maiores incrementos danse en Aragón (3,0%) e Navarra (2,7%). As comunidades onde menos crece a ocupación son Asturias (1,1%) e Castilla y León (1,2%).

No que vai de ano, os maiores incrementos danse en Illes Balears (3,5%) e Aragón (3,2%), mentres que Extremadura (1,5%) e Andalucía (1,7%) rexistran os menores crecementsos.

Índices de persoal ocupado. Setembro 2018

Taxas de variación en %



Notas metodolóxicas

Cifra de negocios: comprende os importes facturados pola empresa pola prestación de servizos e venda de bens que son obxecto do tráfico da empresa, incluídos os realizados por subcontratación. Contabilízanse incluíndo os impostos que gravan os bens e servizos coa excepción do IVE repercutido ao cliente.

Persoal ocupado: É o número total de persoas que traballan na empresa; inclúe o persoal remunerado, persoal que non percibe unha remuneración fixa ou salario (propietarios que traballan na empresa e axudas familiares), persoal facilitado polas empresas de traballo temporal y traballadores autónomos dependentes con contrato non laboral.

Valor engadido bruto: Para cada unidade dedicada a unha actividade produtiva, é a diferenza entre a produción e os consumos intermedios. Valórase a prezos básicos, que son os prezos que os produtores reciben dos compradores restando calquera imposto que se pague e sumando calquera subvención que se reciba.

Os indicadores constrúense a partir dos microdatos dos Indicadores de actividade do sector servizos subministrados polo INE.

Os índices son provisionais polo que poden modificarse nos meses seguintes.

Anexo cadros

Cadro 1. Índices de cifra de negocios. Setembro 2018

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	126,8	1,9	4,8
Comercio	129,7	2,3	5,3
Venta e reparación de vehículos de motor	108,0	6,3	12,7
Comercio por xunto	142,9	3,0	5,8
Comercio ao retalho	103,5	-0,4	2,5
Outros servizos	117,7	0,5	3,5
Transporte	109,6	-3,2	3,0
Hostalería	125,3	-2,4	-3,1
Información e comunicacións	107,3	-0,5	1,0
Actividades profesionais, científicas e técnicas	111,0	-1,8	5,9
Actividades administrativas e servizos auxiliares	154,0	19,9	15,4
España			
Xeral	117,3	4,4	6,4
Comercio	115,7	4,7	6,7
Venta e reparación de vehículos de motor	120,2	1,5	10,9
Comercio por xunto	120,8	7,5	8,1
Comercio ao retalho	104,0	-0,1	2,3
Outros servizos	120,3	3,9	5,8
Transporte	113,6	1,9	5,5
Hostalería	131,0	1,8	1,9
Información e comunicacións	113,5	4,0	4,3
Actividades profesionais, científicas e técnicas	123,5	7,9	10,0
Actividades administrativas e servizos auxiliares	126,0	4,6	7,1

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

Cadro 2.- Índices de cifra de negocios ponderada por VEB. Setembro 2018

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	125,6	1,2	4,3
Comercio	127,5	2,5	5,2
Transporte	128,5	3,8	9,5
Hostalería	128,9	-3,9	-3,0
Información e comunicacións	109,7	0,8	2,4
Actividades profesionais, científicas e técnicas	105,9	-5,1	6,1
Actividades administrativas e servizos auxiliares	142,5	13,9	12,9

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

**Cadro 3. Índices de cifra de negocios por comunidades autónomas.
Setembro 2018**

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	117,3	4,4	6,4
Andalucía	107,2	2,2	3,8
Aragón	115,5	4,0	8,1
Asturias	112,7	5,2	5,9
Baleares, Illes	143,5	1,5	4,7
Canarias	118,4	5,6	6,6
Cantabria	121,4	4,8	8,6
Castilla y León	106,5	2,0	4,2
Castilla-La Mancha	118,1	5,3	7,0
Cataluña	112,8	2,3	5,3
Comunitat Valenciana	111,6	1,4	4,0
Extremadura	115,2	7,1	5,0
GALICIA	126,8	1,9	4,8
Madrid	125,2	8,0	9,3
Murcia	103,9	4,5	4,3
Navarra	121,9	1,8	4,1
País Vasco	117,3	6,3	8,1
Rioja, La	118,5	4,1	6,7

Fonte: INE

Cadro 4. Índices de persoal ocupado. Setembro 2018

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	109,1	2,0	1,9
Comercio	107,8	3,3	2,4
Venta e reparación de vehículos de motor	101,9	1,8	0,1
Comercio por xunto	119,1	7,7	5,6
Comercio ao retallo	102,5	0,8	0,9
Outros servizos	110,1	1,0	1,5
Transporte	104,8	2,0	1,4
Hostalería	110,9	-3,7	-1,5
Información e comunicacións	106,8	4,9	2,7
Actividades profesionais, científicas e técnicas	105,5	4,2	3,2
Actividades administrativas e servizos auxiliares	118,7	3,1	3,9
España			
Xeral	109,0	2,1	2,2
Comercio	105,3	1,7	1,6
Venta e reparación de vehículos de motor	107,2	2,7	2,6
Comercio por xunto	106,9	2,7	2,5
Comercio ao retallo	104,0	1,0	0,9
Outros servizos	111,3	2,3	2,6
Transporte	108,8	2,7	2,9
Hostalería	115,1	1,2	1,3
Información e comunicacións	107,7	3,5	3,3
Actividades profesionais, científicas e técnicas	106,2	2,1	2,0
Actividades administrativas e servizos auxiliares	114,6	3,1	3,9

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

**Cadro 5. Índices de persoal ocupado por comunidades autónomas.
Setembro 2018**

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	109,0	2,1	2,2
Andalucía	105,6	1,9	1,7
Aragón	111,9	3,0	3,2
Asturias	106,5	1,1	1,8
Baleares, Illes	131,9	2,6	3,5
Canarias	109,9	1,8	2,4
Cantabria	111,2	1,6	2,2
Castilla y León	106,6	1,2	1,8
Castilla-La Mancha	107,4	1,5	1,9
Cataluña	110,6	2,1	2,3
Comunitat Valenciana	107,2	1,9	2,2
Extremadura	107,0	1,8	1,5
GALICIA	109,1	2,0	1,9
Madrid	108,4	2,6	2,5
Murcia	109,4	2,1	3,0
Navarra	109,5	2,7	2,6
País Vasco	107,4	2,5	1,8
Rioja, La	109,5	2,1	2,1

Fonte: INE